

NOTA INFORMATIVA **A ENQUISA SOBRE A LINGUA EN EDUCACIÓN INFANTIL**

Xunto á documentación para formalizar a matrícula na etapa de Educación Infantil, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria envía unha **enquisa** na cal se pregunta pola lingua materna do neno ou da nena. As dúas opcións que se ofrecen son castelán ou galego.

As familias debedes saber que o resultado da devandita enquisa establece **a lingua que se vai empregar na aula durante os tres cursos da etapa de Educación Infantil.**

Se desde a escola se vos pide ás familias que decidades, debedes ter toda a información para facelo de xeito responsable, sendo conscientes das consecuencias que a vosa escolla terá no futuro.

Hai moitas razóns polas cales **cómpre elixir o galego para os nosos nenos e nenas:**

- Porque necesitan competencia nas dúas linguas para poderen no futuro decidir cal queren usar.
- Porque é un momento decisivo na súa aprendizaxe e deben saber que o galego é tamén unha das linguas da escola.
- Porque mellorarán a competencia en castelán e noutras linguas.
- Porque chegarán con mellor preparación ao ensino primario.
- Porque poñerán en valor o que lles pertence como galegas e galegos.
- Porque renunciar a que o galego forme parte do ensino infantil, supón perder a oportunidade de ilo integrando de xeito natural e sen ningunha dificultade.

Está na vosas man facer unha escolla responsable.